



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, s/n- 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO

Tlf: 982 46 62 01 - Fax: 982 46 63 52

E-mail: concello@ccarballedo.e.telefonica.net

D. JULIO MANUEL YEBRA PIMENTEL BLANCO, ALCALDE-PRESIDENTE
DO CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO),

INFORMO

O Concello organiza en colaboración coa Rede de Bibliotecas de Galicia, a través do Programa "LER CONTA MOITO", un contacontos titulado "CONTOS PARA BEBÉS", a cargo da compañía Pavís Pavós.

Trátase dunha actividade na que os participantes escoitarán pequenas historias apropiadas para as primeiras idades, historias que falan das cousas cotiás enlazadas con ditos e cancións tradicionais e algunha composta adrede para estas funcións. As cores, as formas, os sons, o xogo e o ritmo conforman o seu eixo.

Vai dirixida a bebés e nenos de ata 4 anos que poderán seguila dende o colo da súa nai, pai ou adulto que os acompañe. É importante que os adultos estén na actividade xa que son as persoas que se relacionan acotío cos cativos e ademais de xogar con eles durante a sesión poden repetir estes xogos na casa.

A celebración desta actividade está prevista para o sábado 3 de xuño na Biblioteca Municipal do Concello a partir das 18:30h da tarde.

En Carballedo, a 25 de maio de 2017.

